

NOVEMBRO
2025



MES DE
NOVEMBRO

MES DE
FOTOS E
LEMBRANZAS




Xa estamos no mes de novembro e queremos celebrar a fe na lembranza dos seres queridos que nos foron precedendo no camiño da vida.

Dende esta páxina, queremos unha vez máis, recordar e agradecer a todas esas vidas que botamos de menos.

As súas palabras e os seus feitos valéronnos e válenos a pena, non foron de balde.

*Aínda que deixa dor a realidade da morte, nós queremos compartir a **ESPERANZA DA RESURRECCIÓN.***



237 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá



ATENCIÓN DE CÁRITAS:

Dende cáritas de Os Cotos,
se podemos, axudamos
a quen nos pida unha man.
Estamos no local da casa
reitoral de Fornelos
os xoves día 13 e 27
de dez a doce da mañá.

"Un contiño para vivir"**"A resiliencia"**

Con só 25 anos Joanne Rowling, pasou por unha serie de dificultades na súa vida. A súa nai morreu polo que decidiu marchar cara Portugal para exercer de mestra de inglés, alí coñeceu a un rapaz co que comezou unha relación.

Aos poucos meses quedou preñada pero tivo un aborto espontáneo e comezaron os problemas coa súa parella. Aos poucos meses volveu quedar embarazada e tivo unha nena pero a relación transformouse en malos tratos continuos por parte del.

Rowling decidiu deixar todo en Portugal e volver ao seu país, levándose a súa filla e uns poucos capítulos dunha historia que comezaba a escribir "Harry Potter e a pedra filosofal". Atopouse soa noutra cidade, sen traballo nin ingresos e tendo que vivir do que lle daba a caridade. A situación era tan mala que os médicos diagnosticáronlle unha depresión severa, pensou incluso en quitarse do medio.

Rowling decidiu que había que mirar cara adiante, non parou de escribir ata que acabou o seu primeiro libro. Enviouno a doce editoriais e todas o rexeitaron.

Un ano despois un editor aceptaba o libro e publicábao. O resto é historia, Rowling converteuse na muller máis rica do Reino Unido e unha das escritoras con maior fama mundial.

A próxima vez que teñas un problema pensa en Rowling: ás veces a vida non é doada e non podo controlar o que acontece, pero si como enfoco o que me pasa. A resiliencia consiste en readaptarse e transformarse se algo vai mal e non darse por vencidos.

SUDOKU

2	3	9	8	7	5	1		
4	5	6		9	2			7
	7	8	6	4				
7		1				3		8
	4	2	5	3		7		1
3			7	8		4	2	9
9	8		3		6	5	1	4
5		4	9	1			8	
6		3	4	5		9		

O SANTO PARA O MES**en novembro****o día 13: DIEGO**

É un nome derivado de Santiago:
Sant-Iago<Tiago<Tiego<Diego.

Este nome separouse da súa orixe, Santiago, grazas a Diego de Alcalá, franciscano, andaluz do século XV, lego gardián do convento principal en Forteventura (Illas Canarias). Ao final trasladouse a Roma morrendo no 1463. Foi canonizado por Sixto IV no 1588, o mesmo día en que foi derrotada a Armada Invencible Española. En Galiza tivo sona Diego de Xelmirez, primeiro arcebispo de Santiago entre 1120-1136.


CONSELLO

"A escuridade non pode expulsar á escuridade:
solo a luz pode facelo.
O odio non pode expulsar o odio:
solo o amor pode facelo"

Martin Luther King JR



23 de novembro: Día Internacional da Palabra



O día da Palabra creouse para fomentar o diálogo e a paz entre as nacións do mundo, orientado a facer pacífica a sociedade mundial sen discriminacións políticas nin relixiosas.

A Palabra é a clave do entendimento entre os países, sendo a única vía para a resolución de conflitos, creando o camiño para futuras xeracións.

A creación deste día foi iniciativa da Fundación Cesar Egido Serrano, como unha ferramenta para a erradicación de calquer manifestación de violencia.

A data de este día conincide con a inauguración do Museo da Palabra, ubicado na provincia de Toledo.

A Fundación foi candidata aos "Premios Príncipe de Asturias". Tamén creou a Cofradía de Caballeros de Don Quijote.

O lema da Fundación Cesar Egido Serrano é: *"A Palabra como vínculo da humanidade, fronte a toda violencia"*.



Palabras do Papa León XIV

"Debemos reducir o odio, debemos recuperar a capacidade de diálogo e atopar solucións pacíficas".

Fixo esta declaración o 7 de outubro na Villa Barberini, referíndose ao aniversario do ataque terrorista de Hamás, que fai exactamente dous anos e que causou a morte e o secuestro de tantas persoas nas terras de Palestina e Israel.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE NOVIEMBRE

DÍA 2	LECTURA	Sab 11, 22 - 12, 2	O Señor, amigo da vida, ofrece a súa man
	EVANXEO	Lc 19, 1-10	Zaqueo en Xesús atopa unha nova vida
DÍA 9	LECTURA	2 Tes 2, 16 - 3, 5	O Señor encamiñanos en toda obra boa
	EVANXEO	Lc 20, 27. 34-38	Para Deus, todos VIVOS porque é Deus de Vida
DÍA 16	LECTURA	2 Tes 3, 7-12	Coma irmáns, non cansemos de facer o ben
	EVANXEO	Lc 21, 5-19	Coa perseveranza enchémonos de vida
DÍA 23	LECTURA	Col 1, 12-20	Deus pasounos ao Reino do seu Fillo Xesús
	EVANXEO	Lc 23, 35-43	Cristo REI na cruz
DÍA 30	LECTURA	Rom 13, 11-14a	Camiñemos decentemente, o Señor está cerca
	EVANXEO	Mt 24, 37-44	Estade preparados porque chegará o Señor